

V ANDAINA SOLIDARIA

**XLIX Festa do viño tinto do Salnés e
exaltación das variedades autóctonas**



**INSCRIPCIÓN A
VONTADE**

a favor da



**Asociación Galega
de Axuda a
Ucraina**

DOMINGO 5 XUÑO

SAÍDA ÁS 10.00 H

- Inicio: Rotonda de "Os Castaños"
- Final: Stands da festa

**INSCRIPCIÓNS NA SAÍDA DA ANDAINA,
ANTES DO COMEZO DA MESMA**

MÁIS INFORMACIÓN

986718491/9 Concello (8.00 - 15.00 h)

627158393 Dpto. de Comunicación

ORGANIZA



**CONCELLO DE
RIBADUMIA**



COLABORAN



V ANDAINA SOLIDARIA

#viveribadumia #coñeceribadumia #festadotinto2022

PUNTOS DE INTERESE

Ruta da Pedra e da Auga

Sendeiro que discurre a carón do Río Armenteira. Consta de 6 muiños e o percorrido ten unha extensión de quilómetro e medio. Esta senda forma parte da variante espiritual do camiño Portugués a Santiago.



Igrexa de San Andrés de Barrantes

Templo románico de principios do século XIII. Sufriu unha remodelación importante que fixo que perdesse elementos da época románica e na actualidade contén máis características da época barroca, por exemplo a súa fachada.

Carballeira de Ribadumia

Espazo natural de recreo, que dispón de mesas e asadeiros e no que as familias congreganse especialmente no verán para desfrutar ao aire libre. Ademais, nela teñen lugar varios eventos do concello e mesmo conta cunha romaría propia: a festa de Santa Baia que se celebra a comezos de setembro.



Igrexa de Santa Baia de Ribadumia

Templo de orixe románico. Sufriu unha reconstrución importante no século XIX que fixo que perdesse elementos da época románica e na actualidade contén máis características da época barroca, por exemplo a súa fachada.

Muiños do Batán

Situados nun dos afluentes do Umia -o río Batán- son un conxunto de 4 muiños restaurados coa maquinaria en funcionamento e dipostos en cascada o longo de 300 metros. Son a orixe da Festa do Pan que mantén viva a tradición da moenda e elaboración do pan artesán.



Paseo Fluvial do Umia

A senda percorre o río Umia dende a Ponte de Cabanelas en dirección a contorna do Pazo de Barrantes, por un percorrido completamente chairro que nos fará gozar dunha agradable camiñata entre os viñedos da D.O. vitivinícola Rías Baixas cultivados en parras que forman bonitas perspectivas.

A comisión organizadora da festa do viño tinto do Salnés e exaltación das variedades autóctonas, en conxunto coa Asociación Galega de Axuda a Ucraína, **AGRADECELLE A COLABORACIÓN** nesta iniciativa solidaria e agarda desfruten do percorrido desta andaina.

V ANDAINA SOLIDARIA

XLIX Festa do viño tinto do Salnés e exaltación das variedades autóctonas



Percorrido: Saída dos Castaños - Ruta da Pedra e da Auga - Igrexa de San Andrés (Barrantes) - Carballeira de Ribadumia - Igrexa de Santa Baia (Ribadumia) - Muíños do Batán - Paseo fluvial do Umla - Recinto festa do tinto

Dificultade: baixa

Lonxitude: 9 km

Avituallamento: carballeira de Ribadumia

Organiza



Colabora



DISMAVI
SELECCIÓN DE PRODUCTOS PARA HOSTELERÍA

